



## Concello de Portomarín

### ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA, NO TABOLEIRO DE EDICTOS E NA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PORTOMARIN

#### SUMARIO

*Resolución de Alcaldía de data 24 de maio de 2021 do Concello de Portomarín pola que se aproba inicialmente expediente de actuacións preparatorias do contrato de concesión do servizo público de piscina e bar municipal en Portomarín.*

#### TEXTO

Por Resolución de Alcaldía de data 24 de maio de 2021, acordouse someter a información pública o estudo de viabilidade relativo á concesión do servizo público de piscina e bar municipal en Portomarín redactado polo técnico municipal.

A exposición ao público será polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 247.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://portomarín.sedelectronica.gal/> e na páxina web <http://www.concellodeportomarín.es/>

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

